DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 92 Xoves, 12 de maio de 2011 Páx. 9323

VI. ANUNCIOS

C) OUTROS ANUNCIOS

CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA - ESCOLA NAVAL MILITAR

RESOLUCIÓN D/012/2011 do 3 de maio de 2011, do director do Centro Universitario da Defensa na Escola Naval Militar de Marín, pola que se convoca proceso selectivo con carácter de urxencia para a contratación dun técnico medio de biblioteca.

A Dirección do Centro Universitario da Defensa (en diante, CUD) na Escola Naval Militar de Marín (en diante, ENM), no uso das súas competencias, e tras a aprobación do seu cadro de persoal na reunión do Padroado do 8 de febreiro de 2011, resolve convocar concurso público para cubrir as necesidades de persoal de administración e servizos (en diante, PAS) existentes mediante a contratación en réxime de persoal laboral.

O desenvolvemento do proceso de selección rexerase polo disposto no convenio de adscrición do Centro Universitario da Defensa á Universidade de Vigo (BOD do 8 de febreiro de 2010), ademais de pola lexislación que lle resulte aplicable, en particular:

• Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

• Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

• Lei 53/1984, do 26 de decembro, do persoal ao servizo das administracións públicas e demais normas de desenvolvemento en materia de incompatibilidades.

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir unha praza de técnico medio de biblioteca como persoal laboral polo sistema de acceso libre.

1.2. O procedemento de selección será o de concurso-oposición-entrevista e constará das fases, probas e cualificacións que se especifican no anexo I. Despois de cada fase, o tribunal publicará nos lugares citados no punto 3.5, as cualificacións obtidas, así como

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

caso de corresponder a relación de aspirantes que pasan á seguinte fase, xunto coa convocatoria para o seguinte exercicio.

1.3. Os temarios que rexerán a proba da fase de oposición son os que se citan no anexo II.

2. Requisitos dos solicitantes.

2.1. Todos os requisitos se deberán posuír con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Os documentos acreditativos deberán estar actualizados ao referido prazo e, de estaren redactados en idiomas distintos ao galego ou ao castelán, deberán presentarse acompañados de tradución por intérprete xurado.

2.2. Para resultar admitidos, os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos pola Lei 7/2007, do 12 de abril. Tamén poderán participar os cónxuxes de españois e de nacionais de países membros da Unión Europea ou daqueles aos cales lles resulte de aplicación a libre circulación de traballadores, en virtude dun tratado internacional subscrito pola Unión Europea e ratificado por España, sempre que non estean separados de dereito. En iguais condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación indicada no perfil do anexo I.

d) Ter aboadas as taxas por dereitos de exame.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física o psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

f) Non ter sido separado ou estar suspendido do servizo de calquera administración pública nin inhabilitado para o desempeño da función pública por sentenza firme. Os aspirantes que non teñan nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso á función pública.

3. Presentación de solicitudes.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

3.1. Os interesados deberán presentar unha solicitude (que se axustará ao modelo que figura como anexo III desta resolución) e que se dirixirá ao director do CUD na ENM, xunto con toda a documentación xustificativa dos requisitos e acreditativa dos méritos.

3.2. As solicitudes poderanse obter na páxina web do Centro Universitario da Defensa (http://cud.uvigo.es – Sección Persoal – PAS – concursos de PAS). As solicitudes remitiranse por correo postal certificado a:

Centro Universitario da Defensa
Escola Naval Militar
Praza de España, s/n
36900 Marín.

Independentemente da remisión por correo postal, deberá remitirse obrigatoriamente copia da solicitude (anexo III) por correo electrónico a secretaria@cud.uvigo.es.

3.3. Coa instancia de solicitude achegaranse necesariamente os seguintes documentos e será causa de exclusión a falta dalgún deles:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade; os aspirantes que non posúan nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, se é o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar ao cargo do nacional doutro Estado con que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Copia do título académico exixido, ou da certificación de pagamento dos dereitos de expedición do título ou, se é o caso, da credencial de homologación expedida polo Ministerio de Ciencia e Innovación.

c) Xustificante de pagamento, dentro do prazo de presentación de instancias, de 34,91 euros por praza en concepto de taxas de participación no proceso selectivo, na conta corrente 0182-3619-41-0201509310, *BBVA.* Centro Universitario da Defensa. O pagamento realizarase directamente nas oficinas da citada entidade, ou mediante transferencia bancaria. En calquera caso, no documento que acredita o pagamento, deberá constar obrigatoriamente a referencia da praza (anexo I) e número do DNI. A ausencia de xustificación deste ingreso dará lugar á exclusión do solicitante.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

De conformidade co disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos procederá a devolución das taxas de participación cando non se realice o feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo, e o interesado deberá solicitar a devolución xuntando os datos necesarios para a transferencia bancaria correspondente. Polo tanto, non procederá a devolución nos supostos de exclusión das probas selectivas por causa imputable ao interesado.

Estarán exentos de pagamento os aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificados na categoría especial; os membros de familias numerosas clasificados na categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Nos tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas certificacións que o acrediten.

d) *Curriculum vitae* detallado.

e) Copia simple dos xustificantes de todos os méritos alegados (só se valorarán os méritos suficientemente acreditados de entre aqueles especificados no anexo I).

3.4. O prazo de presentación de solicitudes é de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992.

3.5. A publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web do CUD dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 30/1992.

4. Relación de admitidos e excluídos.

4.1. Nun prazo máximo de 30 días naturais desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, a Xerencia do CUD publicará nos lugares indicados na base 3.5 a relación provisional de admitidos e excluídos, con indicación dos motivos de exclusión. Os candidatos disporán dun prazo de cinco días hábiles para a emenda de erros e a reparación das causas de exclusión. Posteriormente, o director do CUD ditará resolución pola que se aproba a relación definitiva de admitidos e excluídos.

4.2. Na listaxe deberán constar en todo caso os apelidos, nome e número do documento nacional de identidade e se deben realizar a proba de coñecemento da lingua castelá, cando proceda, de conformidade co indicado na base 7 desta convocatoria.

4.3. En todo caso, co obxecto de evitar erros e, no suposto de se produciren, para posibilitar a súa emenda en tempo e forma, os aspirantes comprobarán fidedignamente non só que non figuran na relación de excluídos, senón que os seus nomes constan correctamente na de admitidos.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

5. Tribunal.

5.1. O tribunal cualificador destas probas é o que figura no anexo IV desta resolución e terá a categoría segunda das recollidas no Decreto 422/2002, do 24 de maio.

5.2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, e notificaranllo ao director do CUD, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 ou se tivesen participado en tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas dentro dos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O presidente solicitará dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias citadas.

5.3. Tras a convocatoria do presidente, constituirase o tribunal coa asistencia do presidente e do secretario ou, se é o caso, de quen os substitúa, e a metade polo menos dos membros. Nesta sesión, o tribunal acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

5.4. Para os efectos de realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, requiririase a asistencia dos membros do tribunal especificados no punto anterior.

5.5. O tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 30/1992.

5.6. O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, limitándose o seu labor a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores elevarase ao director do CUD e seralles de aplicación o previsto na base 5.2. Así mesmo, cando polo número de aspirantes conveña, poderá solicitar do director do CUD a designación de persoal colaborador.

5.7. O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con discapacidade desfruten de similares condicións para a realización dos exercicios ao resto dos aspirantes. Neste senso estableceranse, para as persoas con minusvalidez que o soliciten, as adaptacións posibles en tempo e medios para a súa realización. Para tal efecto, o tribunal poderá solicitar xustificación documental dos aspirantes e os informes sanitarios ou técnicos correspondentes.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

5.8. O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios escritos que non deban ser lidos, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes e excluirá aqueles opositores que consignen nas follas de exame marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

5.9. Para efectos de comunicacións e demais incidentes, o tribunal terá a súa sede no CUD, teléfono 986 804900 (secretaría do centro).

5.10. En ningún caso o tribunal poderá aprobar nin declarar que superaron o concurso-oposición-entrevista un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

5.11. Unha vez realizadas as entrevistas, o tribunal procederá a elaborar a proposta de provisión. O tribunal adoptará os seus acordos por maioría dos membros presentes e, en caso de empate, decidirá o voto do presidente. O acordo de adxudicación da praza constará de:

a) Proposta de provisión da praza a favor do candidato que obteña a puntuación máis alta, indicando os concursantes que se consideran idóneos para ser contratados. O tribunal poderá acordar a non provisión da praza, motivando esta decisión.

b) Relación de todos os candidatos ordenados pola puntuación total.

c) Puntuacións detalladas dos candidatos en cada unha dos epígrafes.

5.12. A expresión da puntuación final e a súa desagregación para cada epígrafe servirán de motivación á proposta de adxudicación. Este acordo, xunto coa documentación dos concursantes, enviarase ao director do CUD que o publicará nos lugares previstos na base 3.5.

5.13. Cos candidatos que figuren na proposta de provisión constituirase unha lista de espera, na orde de prelación en que figuren.

6. Resolución do concurso.

6.1. O director do CUD resolverá o concurso e establecerá a data de inicio do contrato.

6.2. A Xerencia do CUD convocará os candidatos para que presenten a documentación necesaria para formalizar o contrato.

a) Fotocopia compulsada da titulación académica; no caso de titulación estranxeira, presentarase credencial da súa homologación, se non se presentou anteriormente.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

b) Declaración xurada ou promesa de non estar separado mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.

c) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que imposibilite o desempeño das correspondentes funcións.

d) De considerarse necesario, poderanse requirir os aspirantes que fixesen valer a súa condición de discapacitados, acreditación dos órganos competentes de sanidade ou servizos sociais da administración que correspondan sobre a compatibilidade dos aspirantes co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

6.3. De non comparecer na data indicada sen mediar causa suficiente, así aprezada pola dirección do CUD, considerarase que o candidato renuncia ao contrato, e convocarase o seguinte candidato na orde de prelación que figure na proposta.

6.4. De presentarse algunha reclamación, e mentres non se resolva, poderase contratar o candidato proposto incluíndo no contrato unha cláusula extintiva condicionada á resolución da reclamación. De confirmarse o candidato proposto, o contrato continuará a súa vixencia; no caso contrario, procederase á súa rescisión con efectos do día anterior á data de incorporación do novo candidato proposto, sen que, neste caso, o contrato poida ter efectos anteriores á data da súa sinatura.

7. Aspirantes de nacionalidade estranxeira.

7.1. Con carácter previo ao inicio da fase de oposición, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e o seu coñecemento do castelán non se deduza da súa orixe, deberán acreditar o coñecemento do castelán mediante a realización dunha proba, na cal se comprobará que posúen un nivel adecuado de comprensión e expresión oral e escrita nesta lingua. A proba cualificarase como «apto» ou «non apto» e será necesario obter a valoración de «apto» para poder realizar o exame.

7.2. Quedan eximidos de realizar esta proba aqueles que estean en posesión do diploma de español como lingua estranxeira (nivel intermedio) regulado polo Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, ou do certificado de aptitude en español para estranxeiros expedido polas escolas oficiais de idiomas. Para tal efecto, deberán presentar xunto coa solicitude, fotocopia compulsada do dito diploma ou do mencionado certificado de aptitude. De non presentar esta documentación non poderán ser declarados exentos e deberán, polo tanto, realizar a proba a que se refire o parágrafo anterior.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

8. Reclamacións.

8.1 Contra os acordos do tribunal, os candidatos poderán interpor reclamación ante o director do CUD no prazo de cinco días hábiles desde a publicación daqueles. O director do CUD ditará a correspondente resolución esgotando a vía administrativa e que será notificada aos reclamantes.

9. Contratación e obrigas.

9.1. O contrato será de natureza laboral, con duración indefinida.

9.2. As retribucións brutas anuais constan no anexo I.

9.3. O período de proba será de seis meses, e considerarase superado sempre que non conste obxección contraria dentro do dito prazo.

9.4. A dedicación será a tempo completo, cunha ocupación de 37,5 horas semanais. A distribución da súa xornada establecerase en función das necesidades que marque a organización da docencia e investigación do CUD.

9.5. As partes expresamente establecen a non suxeición ao convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado.

10. Derradeira.

10.1. A convocatoria, as súas bases e cantos actos deriven dela e das actuacións do tribunal poderán ser impugnados polos interesados no prazo e na forma establecidos pola Lei 30/1992.

10.2. A interposición de calquera recurso non suspenderá a execución do acto impugnado, non obstante, o órgano competente para resolver, logo de ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese xeral ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que lle causa ao recorrente a eficacia inmediata do acto impugnado, poderá suspender, de oficio ou a pedimento deste, a súa execución segundo o legalmente establecido.

Marín, 3 de maio de 2011.

José María Pousada Carballo
Director do Centro Universitario da Defensa na Escola Naval Militar de Marín

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

ANEXO I

Procedemento de selección/requisitos

1. Descrición da praza: técnico medio de biblioteca.

Referencia da praza: BIB01/11.

Número de prazas: unha.

Titulación exixida: diplomado en Biblioteconomía e Documentación, graduado en Información e Documentación, licenciado en Documentación ou equivalentes.

Retribución anual: 25.819,10 €.

2. Exercicios e valoración.

• Fase de oposición.

A fase de oposición consistirá na realización por escrito dun cuestionario tipo test sobre o temario sinalado no anexo II, constituído por un máximo de 100 preguntas, e 5 de reserva, con catro respostas alternativas, das cales só unha será correcta. Cada resposta errónea descontará o 25% do valor da resposta correcta. O tempo máximo de realización será determinado polo tribunal. Terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Cualificarase cun máximo de 40 puntos. Pasarán ao seguinte exercicio os 10 aspirantes con mellor puntuación, sempre e cando alcanzasen o mínimo de 20 puntos. Non obstante, todos os aspirantes que obteñan a mesma nota que o último dos preseleccionados pasarán igualmente ao seguinte exercicio.

• Fase de concurso (valoración de experiencia profesional e formación).

1. A experiencia profesional poderá valorarse ata un máximo de 10 puntos segundo o seguinte baremo:

1.1. Os servizos prestados en posto similar na Universidade de Vigo ou centros adscritos a esta: a razón de 1 punto por mes completo traballado.

1.2. Servizos prestados en posto similar nas outras universidades galegas: a razón de 0,75 puntos por mes completo traballado.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

1.3. Servizos prestados en posto similar noutras universidades públicas ou noutras administracións públicas: a razón de 0,50 puntos por mes completo traballado.

Os servizos prestados deberán acreditarse mediante certificación expedida polo servizo ou unidade competente en cada unha delas.

2. Formación ata un máximo de 10 puntos. O tribunal valorará a formación convenientemente acreditada e estreitamente relacionada cos contidos do temario específico de biblioteca.

• Entrevista.

A entrevista realizarase nas dependencias do CUD co obxectivo de axuizar e valorar a adecuación do candidato ao perfil da praza, así como a súa adaptación ao tipo de tarefas que deberá realizar. Esta fase cualificarase cun máximo de 20 puntos e será necesario alcanzar 10 puntos para superala.

ANEXO II

Temario

Temario xeral:

• Instrución 56/2010, do 15 de setembro, da Subsecretaría de Defensa, pola que se determinan os criterios de avaliación e clasificación dos alumnos dos centros docentes militares de formación para o acceso ás escalas de oficiais.

• Orde ministerial 49/2010, do 30 de xullo, pola que se establecen as normas de avaliación e de progreso e permanencia nos centros docentes militares de formación, para a incorporación ás escalas de oficiais.

• Orde DEF/792/2010, do 25 de marzo, pola que se aproban as normas polas que se rexerán os procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para acceder ás escalas de oficiais dos corpos xerais e de Infantería de Mariña.

• Instrución 11/2010, do 23 de marzo, da subsecretaría, pola que se establecen os parámetros de ponderación das materias da fase específica da proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

• Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas forzas armadas.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

• Resolución 420/01912/2010, do 29 de xaneiro, da Secretaría Xeral Técnica, pola que se dá publicidade ao convenio de adscrición entre o Ministerio de Defensa e a Universidade de Vigo para regulamentar as condicións conforme as cales o Centro Universitario da Defensa na Escola Naval Militar se adscribe á Universidade de Vigo (BOD 25 do 8 de febreiro de 2010).

• Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, polo que se crea o sistema de centros universitarios da defensa.

• Resolución do 15 de xaneiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, pola que se publica o Acordo de Consello de Ministros polo que se establecen as condicións ás cales se deberían adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio das distintas profesións reguladas de enxeñeiro técnico.

• Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

• Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar. Título preliminar e títulos I a IV, ambos os dous incluídos.

• Regulamento de centros adscritos da Universidade de Vigo aprobado no Claustro Universitario do 20-12-2007.

• Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

• Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Temario específico de biblioteca:

• A biblioteca universitaria: concepto e evolución. O impacto do EEES nas bibliotecas universitarias. Os CRAI.

• Avaliación e certificación de bibliotecas universitarias. A xestión da calidade. As normas ISO 9000 e 9001. O modelo EFQM.

• Tipos de usuarios das bibliotecas universitarias. Atención e orientación ao usuario. A satisfacción do usuario. Suxestións, queixas e reclamacións. As cartas de servizo.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

• Lexislación en materia de propiedade intelectual. As implicacións para as bibliotecas. Os dereitos de autor no contorno dixital. As licenzas Creative Commons.

• Concepto e lexislación sobre o patrimonio bibliográfico. Accións de preservación e difusión do patrimonio bibliográfico.

• Preservación e conservación de materiais bibliotecarios. A dixitalización. Dispositivos de captura. Formatos e estándares. Principais proxectos bibliotecarios.

• A automatización de bibliotecas. Os sistemas integrados de xestión de bibliotecas. Os portais bibliotecarios: metabuscadores e xestores de enlaces. Os xestores de recursos electrónicos.

• A internet e as bibliotecas. Navegación e recuperación de información na internet. Directorios e motores de busca. A internet profunda. Buscadores científicos especializados.

• A biblioteca 2.0: orixes e concepto. Uso das ferramentas 2.0 nas bibliotecas: blogs e microblogs, wikis, sindicación de contidos, folksonomías e marcadores sociais, sistemas para compartir arquivos, redes sociais.

• A profesión de bibliotecario. A formación. As asociacións profesionais. O bibliotecario dixital. Ética profesional e deontoloxía bibliotecarias.

• A cooperación bibliotecaria. REBIUN. Os consorcios bibliotecarios. Consorcio Bugalicia e Consorcio ISTEC.

• A comunicación científica: evolución e tendencias. Situación actual da edición científica.

• O movemento de Open Access. Revistas de acceso aberto, e-prints, repositorios institucionais.

• Principais fontes de información en ciencias sociais e humanidades. As fontes de información estatística.

• Principais fontes de información en ciencias e tecnoloxía.

• A literatura gris: normas, patentes, teses. Iniciativas de acceso á literatura gris.

• Os estudos métricos de información: bibliometría, estudos de usuarios e informetría. Aplicacións da bibliometría á xestión bibliotecaria.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

• Desenvolvemento e xestión de coleccións. A colección electrónica: bases de datos, publicacións seriadas electrónicas e documentos dixitais. Avaliación de coleccións en bibliotecas universitarias.

• Selección, administración, difusión e avaliación de recursos electrónicos. O uso dos recursos electrónicos: principais estándares para a súa medición (Counter, e-Metrics, ISO 20983, Equinox, etc.).

• As revistas electrónicas. Contratación, modelos de comercialización e de prezos. Provedores (editores, axencias de subscricións, agregadores, socios tecnolóxicos). As licenzas de uso.

• Servizos bibliotecarios aos usuarios: o préstamo, o préstamo interbibliotecario.

• Servizos bibliotecarios aos usuarios: referencia e información bibliográfica, formación de usuarios e alfabetización informacional.

• O proceso técnico. Normalización. O formato MARC 21. Os metadatos: a súa aplicación nas bibliotecas. Tendencias actuais na catalogación: Dublin Core, TEI, RDF, XML e outros.

• Os catálogos bibliotecarios. O OPAC: concepto e evolución. Catálogos colectivos.

• Concepto de arquivos. Tipos de arquivos. O sistema arquivístico español. O sistema arquivístico galego. Lexislación básica en materia de arquivos.

• Concepto de documento de arquivo. Principio de procedencia e teoría das idades dos documentos.

• Organización do arquivo: clasificación, descrición e instalación. A normalización da descrición arquivística: normas ISAD(G) e ISAAR (CPF).

• O proceso documental. Ingresos e transferencias da documentación. A valoración dos fondos. Selección e expurgo.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

MINISTERIO DE DEFENSA

CENTRO UNIVERSITARIO DE LA DEFENSA
ESCUELA NAVAL MILITAR

ANEXO III
Solicitude de participación

Convocado proceso selectivo para a provisión da praza que se indica, SOLICITO ser admitido como aspirante para a súa provisión e DECLARO que son certos os datos presentados e/ou alegados.

DATOS DA PRAZA			
Referencia da praza	BIB 01/11		
DATOS DO CANDIDATO			
Apelidos e nome			
DNI		Data de nacemento	
Enderezo		Código postal	
Localidade		Provincia	
Teléfono		Correo electrónico	
Nacionalidade:			

De proceder o reintegro das taxas de participación, solicito que se transfira á conta (indíquense os 20 díxitos):

código de banco – código de sucursal – D. C. – número de conta

En ..... o ..... de ..... de 201.....

Sinatura

DIRECTOR DO CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA NA ESCOLA NAVAL MILITAR DE MARÍN

Ingreso na conta 0182-3619-41-0201509310 *BBVA*, Centro Universitario da Defensa.	Importe:	**34.91 euros**

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c

ANEXO IV

Tribunal

1. Tribunal titular:

Presidente: Santiago Urréjola Madriñán.

Secretario: Fernando González Valdivia.

Primeiro vogal: Belén Barragáns Martínez.

Segundo vogal: Francisco Javier Vidal Bordes.

2. Tribunal suplente:

Presidente: Antonio Riveiro Rodríguez.

Secretario: Inés García-Tuñón Blanca.

Primeiro vogal: Pablo Sendín Raña.

Segundo vogal: Francisco Javier Fernández Fernández.

CVE-DOG: 2a25909f-6bff-4f33-971a-65cd8cbce36c